Solidariedade Galega

ACTA DA ASEMBLEA XERAL DE SOLIDARIEDADE GALEGA
29 DE MARZO DE 2014

Na Coruña, na sala de exposicións da Casa Museo de Casares Quiroga (rúa Panadeiras, 12), sendo as once horas do día vinte e nove de marzo de dous mil catorce, reúnese, en segunda convocatoria e en sesión ordinaria, a Asemblea Xeral da ONGD SOLIDARIEDADE GALEGA, previa convocatoria do seu presidente.

ASISTENTES:

- XUNTA DIRECTIVA (8):
Presidente: Enrique Rodríguez Álvarez
Tesoureira: José Ramón López Menduíña
Vogal 1ª: Herminia Pintado Conde
Vogal 2ª: Marta Chamosa Prado
Vogal 3ª: Purificación Taibo Casás
Vogal 4ª: Moisés Rey Martínez
Vogal 5ª: Rosa Arroyo Castillo
Secretario: Antón Xosé González Artiaga

- SOCIAS/OS (5):
Roberto Méndez Gallart
Rosa María Miguélez Díaz
Josefa Rodríguez Agraso

(Asiste o 5,2 % da base social, que a 31/12/2013 ascende a 209 socios/as)

ORDE DO DÍA:

1º.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR CELEBRADA CON DATA 23 DE FEBREIRO DE 2013

2º.- ACTIVIDADES REALIZADAS NO ANO 2013

3º.- APROBACIÓN E RATIFICACIÓN DE CONVENIOS

4º.- PROXECTOS EXECUTADOS NO ANO 2013

5º.- PROXECTOS A EXECUTAR NO ANO 2014

6º.- LIQUIDACIÓN E CONTAS DO EXERCICIO DE 2013

7º.- ORZAMENTO PARA O EXERCICIO DE 2014

8º.- DETERMINACIÓN DE COTAS DOS SOCIOS/AS DE SOLIDARIEDADE GALEGA

9º.- ROGOS E PREGUNTAS (ROLDAS DE INTERVENCIÓNS)

Solidariedade Galega

1º.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR CELEBRADA CON DATA 23 DE FEBREIRO DE 2013

Aberta a sesión pola presidencia, dáse lectura á acta da Asemblea Xeral anterior celebrada con data 23 de febreiro de 2013, que é aprobada por unanimidade dos asistentes e que figura publicada na páxina web desta asociación.

2º.- ACTIVIDADES REALIZADAS NO ANO 2013

- Funcionamento da ONGD en 2013:

A) Asemblea Xeral Ordinaria, celebrada o 23 de febreiro de 2013, á que asistiron 12 socios/as, é dicir, o 5,6 % da base social (212).
B) Xunta Directiva, celebrou en 2013 un total de seis sesións, con datas 7 de febreiro, 11 de marzo, 13 de maio, 29 xullo, 26 de agosto e 20 de decembro.
C) Socios/as: A 31 de decembro de 2013 o número de socios/as da ONGD son 209.

- Actividades da ONGD en 2013:
Dáse conta á Asemblea Xeral, entre outras, das seguintes:

1º.- Coordinadora Galega de ONGD: Esta ONGD participou na Coordinadora, durante o ano 2013, na Comisión de Normativa e Código de Conduta (Antón González Artiaga). Participa, xunto con outras 4 ONGD, na primeira fase do cumprimento dos indicadores de transparencia e bo goberno, existindo unha importante deficit que se concreta na falta dunha planificación estratéxica da ONGD. Asistiuse ás 4 Asembleas Xerais da Coordinadora celebradas durante 2013.

2º.- Convocatoria do Concello da Coruña.
Participouse na última convocatoria de axudas para actividades de axuda humanitaria no exterior, para o proxecto de Togo, xa que para 2014, o Concello no convocará estas axudas. Amosouse a protesta das ONGD da Coruña a esta postura do concelleiro .

3º.- Festa da Xuventude en Oleiros.
Respondendo á invitación formulada polo Concello de Oleiros, participamos o día 31 de agosto de 2013, co montaxe dunha carpa, na Festa da Xuventude.

4ª.- Envío de material docente ao ILLS Nicaragua.
En colaboración coa Universidade da Coruña e as empresas Pescanova, Talleres Beges S.L. y Transportes Benito Veiga Martínez, realizouse o terceiro envío de material docente para dotación das aulas e biblioteca do Instituto de Liderazgo de Las Segovias.
Enviáronse, por unha banda, 25 caixas de material escolar e bibliográfico, e, por outra banda, 24 mesas dobres de estudo e 48 sillas.

5ª.- IV Congreso Internacional de loita contra a Ceguera e reunión anual da Sociedade Española contra la Ceguera en los del Sur.
Celebrados en Logroño os días 25 e 26 de outubro de 2013. Solidariedade Galega e Azul en Acción presentaron un pequeno documental sobre o proxecto TOGO 2012 elaborado pola voluntaria desta ONGD Antía González Pombo.

3º.- APROBACIÓN E RATIFICACIÓN DE CONVENIOS

Dáse conta á Asemblea Xeral e sométense a aprobación e ratificación os seguintes convenios:

1º.- Convenio de colaboración entre Solidariedade Galega e o Instituto de Liderazgo de Las Segovias, para a xestión, tramitación e execución da 4ª Fase da construción do ILLS, e destinado á construción do edificio para comedor e cociña, asinado con data 17 de febreiro de 2014.

2º.- Convenio entre Solidariedade Galega e a ONGD Azul en Acción de Murcia, para a execución do proxecto "Asistencia sanitaria en oftalmoloxía na rexión de Kara,Togo (06-08-2013).

3º.- Convenio entre Solidariedade Galega e a entidade Fundanova de Guatemala para a dotación de material docente e outras doazóns para o "Centro Experimental del Pacífico" en Champerico, Departamento de Retalhuleu, Guatemala (21-12-2013).

A Asemblea Xeral acorda, por unanimidade dos asistentes, ratificar a aprobar dos convenios anteriormente relacionados.

4º.- PROXECTOS EXECUTADOS NO ANO 2013

No exercicio de 2013, executáronse os seguintes proxectos de cooperación e axuda humanitaria:

A) PROXECTO TOGO-KARA 2013

Do 4 ao 18 de outubro pasado desenvolveuse o proxecto de axuda humanitaria TOGO-KARA 2013, en colaboración coa ONDG murciana Azul en Acción, centrado en asistencia oftalmolóxica na rexión de Kara, norte do país, a 412 quilómetros da capital togolesa Lomé.

Por parte de Solidariedade Galega, participaron a voluntaria e socia Mª Josefa Pombo García (oftalmóloga) e o voluntario e socio Antón González Artiaga (loxista), en principio estaba prevista a participación da voluntaria e socia Rosa Arroyo Castillo, pero por motivos de enfermidade dunha persoa moi cercana non lle foi posible desprazarse a Togo.

Por parte de Azul en Acción, participaron 26 voluntarias/os, entre oftalmólogas/os (6), anestesistas (2), enfermeiras/os (7), óptico (2), técnico (1) e loxistas (8).

Realizáronse 163 intervencións cirúrxicas de cataratas, 16 cirurxías de pterigium, 355 graduacións e doazóns de gafas, 35 tratamentos de tracoma, 332 conxuntivitis tratadas, 56 glaucomas tratados, e un total de 1.195 consultas realizadas.

A brigada de Solidariedade Galega, fíxose cargo dunha consulta na Parroquia de Don Bosco, pola que pasaron 668 persoas e dende a cal se remitían ao Hospital Ciudad de Murcia, os casos máis urxentes para cirurxía da catarata e pterigium, graduando e doando máis de 350 gafas, o penúltimo día a oftalmóloga de Solidariedade Galega operou, xunto con outro voluntario de Azul en Acción, 16 pterigium.

Dende o punto de vista da infraestrutura despregada sobre o terreo, non é doado realizala sen o indispensable apoio dos 5 técnicos dos que dispoñía Azul en Acción (estiveron traballando tres días antes de iniciar a actividade cirúrxica) e outro día para desmontar e recoller a referida infraestrutura. A posibilidade de ir a brigada en solitario é moi ariscada pola posta en funcionamento de toda a infraestrutura técnica necesaria e polos desprazamentos (Lomé-Kara-Lomé, atención ás Comunidades e dificultades do idioma). Por parte de Azul en Acción non existe inconveniente en que en futuras campañas, a máis próxima a de 2014, volva a contar con voluntarias/os de Solidariedade Galega, se a Xunta Directiva o aproba.
Dende o punto de vista do financiamento, os total de gastos ocasionados na execución do proxecto ascenderon a 4.080,18 € (Desprazamentos 3.339,90 €; manutención 234,77 €; aloxamento 384,17 €, taxas e outros gastos diversos 121,34 €).
O Concello da Coruña concedeu inicialmente unha axuda de 3.300,00 €, pero non admite como gasto o importe do billete da voluntaria non desprazada, polo que a axuda queda reducida a 2.199,93 € e polo tanto a achega desta ONGD é de 1.880,25 €.

En relación co importe do billete da voluntaria Rosa Arroyo Castillo que non lle foi posible desprazarse por motivos da grave enfermidade do seu compañeiro, socio e voluntario tamén desta ONGD, e que ascende a 991,05 € (1.113,60 € billete – 122,55 € devolución de taxas), por unanimidade dos membros asistentes desta Xunta Directiva acórdase non solicitarlle o reintegro do devandito importe e ao mesmo tempo desexarlle unha pronta e total recuperación do noso compañeiro Alberto.
Por outra banda, como despois se informará noutro punto da orde do día, o Concello da Coruña nos orzamentos para 2014, anulou esta convocatoria de axudas; circunstancia pola cal se están a realizar diversas actuacións, dende a Coordinadora Galega de ONGD, de protesta en contra esta decisión inxustificada.
A Asemblea Xeral queda informada, dando a súa aprobación ao informe final presentado do proxecto Togo 2013, agradecéndolles as/o voluntarias/o desprazados o seu traballo e dedicación.

B) PROXECTO "CONSTRUCIÓN DA 3ª FASE DO INSTITUTO DE LIDERAZGO DE LAS SEGOVIAS"

Como xa ten coñecemento, por acordos anteriores, dáse conta á Asemblea Xeral da execución do convenio de colaboración (248/2012) asinado, con data 5 de outubro de 2012, entre a Deputación Provincial da Coruña e a ONGD Solidariedade Galega, para o financiamento da 3ª fase do Instituto de Liderazgo de las Segovias: segundo bloque de aulas, no municipio de Mozonte, Departamento de Nueva Segovia, Nicaragua.
Por parte da secretaría infórmase que a nosa contraparte, o Instituto de Liderazgo de las Segovias (ILLS), remitiu a documentación xustificativa da inversión realizada e contemplada no convenio, que ascende a 53.338,39 €, financiados pola Deputación da Coruña cunha achega de 35.000,00 € e o ILLS que achegou 18.338,39 €; someténdose á Xunta Directiva a aprobación das certificación de obra, recibos de pagamento e resto da documentación (contrato, acta de recepción final de obra, documentación gráfica, etc.), que integran o expediente xustificativo do cumprimento total obxecto do convenio.
A Asemblea Xeral, por unanimidade dos membros presentes, acorda quedar informada da execución deste proxecto, dando a súa aprobación ao informe final presentado do proxecto Construción da 3ª fase do ILLS, en Mozonte, Nueva Segovia, Nicaragua.

Solidariedade Galega

5º.- PROXECTOS A EXECUTAR NO ANO 2014:

Por parte da secretaría da ONGD dáse conta á Asemblea Xeral dos proxecto previstos a executar durante o presente exercicio e que figuran orzados no Orzamento de 2014, e que previamente foron informados pola Comisión de Proxectos en reunión celebrada con data 10 de febreiro de 2014

1º.- Proxecto Estelí-Nicaragua 2014:
Do 2 ao 17 de marzo de 2014, executouse o proxecto de axuda humanitaria "Proxecto de ortopedia infantil no Hospital San Juan de Dios de Estelí, Nicaragua", para o cal desprazáronse nove voluntarias/os desta ONGD (Cesar de la Fuente González, Mª Teresa Martínez Breijo, Marta Corredoira Trobajo, Enrique Rodríguez Álvarez, Ana Luisa Rodríguez Velasco, Mª Carmen Martínez Modia, Asunción Vázquez Pérez, Montserrat Formoso Ramil e Purificación Taibo Casás) realizándose 84 consultas e 39 intervencións cirúrxicas, e os doentes atendidos procedían dos departamentos de Nueva Segovia, Somoto e Estelí.
Provisionalmente o importe total de gastos foi de 9.795,09 €, actualmente estase a elaborar a memoria asistencial e económica do proxecto.

2º.- Proxecto 4ª fase da construción do ILLS "Edificio para cociña e comedor".
Con motivo da visita, no pasado mes de febreiro do actual, da Directora do ILLS, e previa entrevista ao Presidente da Deputación Provincial, presentouse a solicitude de subvención, para o financiamento da 4ª fase de construción do ILLS, destinada á execución do edificio para cociña e comedor.
O orzamento previsto é de 44.000,00 €, dos cales esperamos que a Deputación Provincial da Coruña conceda unha axuda de 35.000,00 € e o ILLS achegue os 9.000,00 € restantes.
No orzamento de Solidariedade Galega para o exercicio de 2014, figura no seu estado de ingresos e gastos consignados os correspondentes créditos do presente proxecto.
Con data 17 de febreiro de 2014, asinouse convenio de colaboración entre Solidariedade Galega e o Instituto de Liderazgo de Las Segovias, para a xestión, tramitación e execución da 4ª fase destinada á construción do edificio destinado a comedor e cociña.
A Asemblea Xeral ratifica o acordo da Xunta Directiva adoptado con data 20 de xaneiro de 2014, sobre solicitude de axuda á Deputación Provincial da Coruña para a construción da 4ª fase do ILLS.

3º.- Proxecto Camerún 2014.
Por parte da voluntaria e socia desta asociación, Josefa Rodríguez Agraso, informa á Asemblea Xeral sobre as xestións realizadas sobre este proxecto de asistencia sanitaria especializada en Camerún.
O pasado mes de febreiro a Comisión de Proxectos deu o seu informe favorable á posible execución deste proxecto, encargando á devandita voluntaria da súa coordinación e tendo presente a súa experiencia en actividades de cooperación en Camerún.
No seu momento determinouse que a mellor época do ano para executar este proxecto é o mes de outubro, iniciándose as xestións co Hospital de Touloum e o Bispado de Yagoua, do que depende o hospital. O pasado mes de febreiro enviouse un pequeno

cuestionario de preguntas sobre a infraestrutura clínica e condicións para a prestación da asistencia sanitaria, pero que ata esta data non recibimos contestación.
Por outra parte, fixéronse outras xestións con persoas coñecidas e residentes na zona, das cales parece desprenderse que existe unha situación de inseguridade para o persoal estranxeiro na zona norte do Camerún.
Por todo elo proponse esperar á contestación da información solicitada e si esta non é positiva ou se retrasa, se aprazaría para unha futura programación.
A Asemblea Xeral acorda, por unanimidade dos asistentes, aceptar a proposta formulada.

4º.- Proxecto Togo 2014.
Como sucedeu en exercicios anteriores, por parte da ONGD murciana Azul en Acción, formulou invitación para executar, por terceiro ano consecutivo, un proxecto de asistencia sanitaria especializada en oftalmoloxía na rexión de Kara, república de Togo, determinado como datas de realización do 18 de outubro ao 8 de novembro de 2014.
A Comisión de Proxectos informou favorablemente este proxecto. Na súa reunión do pasado mes de febreiro.
Estando presentes nesta asemblea tres oftalmólogas, amosan o seu compromiso de incorporarse a este proxecto as voluntarias Rosa Arroyo Castillo e Mª Josefa Pombo García.
A Asemblea Xeral acorda, por unanimidade dos asistentes, aprobar a proposta de execución deste proxecto conxuntamente coa ONGD Azul en Acción.

5º.- Proxectos sensibilización 2014.
Coa finalidade de dar a coñecer as actividades de acción humanitaria e de cooperación que Solidariedade Galega realiza en cumprimento dos seus obxectivos, está previsto, por unha banda, aceptar as invitacións de Concellos e outras entidades a participar en actos e actividades solidarios. Así sucedeu o pasado mes de febreiro no Concello de Bueu baixo título "A cooperación galega en Nicaragua", aproveitando a visita a nosa terra da Directora do Instituto de Liderazgo de Las Segovia, Haydeé Castillo Flores.
Outra das posibles actividades de sensibilización, por terras de Nicaragua, é a presentación do informe sobre a enfermidade da paraplexia nos mergulladores misquitos da costa atlántica, no Parlamento de Nicaragua, e que se coordinaría dende o Instituto de Liderazgo de Las Segovias, no tendo actualmente data de realización.

A Asemblea Xeral, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar estas iniciativas.

6º.- LIQUIDACIÓN E CONTAS DO EXERCICIO 2013

Por parte do Tesoureiro, José Ramón López Menduíña, da conta e infoma á Asemblea Xeral da Liquidación e Contas correspondentes ao exercicio económico de 2013:

Solidariedade Galega

LIQUIDACIÓN 2013

INGRESOS:

CONCEPTO	IMPORTE / €
Importe de cotas de socios e socias	13.993,00
Doazóns privadas	79,04
Lotaría do Nadal 2013	8.125,00
Subvención Públicas: Deputación Provincial da Coruña (3ª Fase ILLS) …… 21.000,00 € Concello da Coruña (Proxecto Togo 2013) …….. 2.199,93 €	23.199,93
Xuros das contas financeiras	21,00
TOTAL INGRESOS 2013	**45.417,97**

GASTOS:

CONCEPTO	IMPORTE / €
Persoal	0,00
Gastos formación	0,00
Gastos correntes	1.392,60
Lotaria Nadal 2013	6.020,00
Gastos financeiros	160,34
Investimentos	0,00
Proxectos 2013 3ª Fase ILLS …….. 21.000,00 € Togo 2014 ……. 3.957,66 €	24.957,66
Impagados a 31-12-2012	10.276,00
Diferenza moeda dólares USA – Euro	130,34
TOTAL GASTOS 2013	**42.936,94**

RESUMO 2013:

Total de ingresos 2013	45.417,97
Total de gastos 2013	42.936,94
Diferenza (Superavit)	2.481,03

SALDO CONTAS TESOURARÍA

CONTA FINANCEIRA	SALDO 01-01-2013	SALDO 31-12-2013
NOVAGALBC - 0008562	25.984,29 €	27.426,29 €
NOVAGALBC – 0004964	16,52 €	16,52 €
BSANTANDER 0009195	68.753,95 €	80.194,32 €
BSANTANDER 0007524	0,00 €	5,00 €
DOLARES USA	1.493,90 €	1.363,56 €
TOTAIS	96.248,66 €	109.005,69 €

Por parte do Tesoureiro dáse detalle dos distintos conceptos dos ingresos e gastos e dos saldos das distintas contas, como tamén do efectivo en dólares aos asistentes á Asemblea Xeral.

Ao mesmo tempo, preséntase as contas financeiras asinadas polo presidente e tesoureiro.

A Asemblea Xeral aproba, por unanimidade dos asistentes, a Liquidación do Orzamento e contas correspondentes ao exercicio de de 2013."

7º.- ORZAMENTO PARA O EXERCICIO DE 2014.

Preséntase á Asemblea Xeral o Orzamento para o exercicio de 2014 e que seguidamente se resume:

ESTADO DE INGRESOS:

- Cotas de socios/as ..... 12.000,00 €
- Doazóns privadas ..... 1.500,00 €
- Venda de Lotaría Nadal ..... 7.500,00 €
- Achega ILLS 4ª fase …….. 9.000,00 €
- Subvencións públicas previstas …… 53.000,00 €
- Deputación Provincial da Coruña (35.000,00 €)
- Concello de Oleiros (8.000,00 €)
- Xunta de Galicia (10.000,00 €)
- Remanente tesouraría exercicio anterior …….. 2.000,00 €
- Total de ingresos 2014 ..... 85.000,00 €

Comentarios:

- Previsión de baixas como socias/os da asociación durante 2014, tendo presente a de exercicios anteriores.
- Previsión de ingresos por doazóns privadas, tendo presente a dos exercicios anteriores.
- A venda de Lotaría do Nadal 2014 como en exercicios anteriores.
- A achega do ILLS á 4ª fase que forma parte do financiamento total do proxecto xuntamente coa da Deputación Provincial da Coruña, esta consignación ten como finalidade formalizar orzamentariamente a achega que se compromete a realizar o ILLS a esta 4ª fase.
- Nas subvencións públicas actualmente, temos en conta as solicitudes presentadas á Deputación Provincial da Coruña (35.000,00 €) para o financiamento da 4ª fase do ILLS; a solicitada ao Concello de Oleiros (8.000,00 €) para o proxecto de asistencia sanitaria en ortopedia infantil en Estelí; e a prevista a solicitar á Xunta de Galicia (10.000,00 €) para os proxectos de Camerún e Togo, pero que as súas concesións pode variar o montante orzado inicialmente.
- Para equilibrar o orzamento e completar o financiamento de actividades de sensibilización, acódese ao remanente de tesouraría existente.

ESTADO DE GASTOS:

- Persoal ..... 0,00 €
- Gastos cursos formación ..... 1.000,00 €
- Gastos correntes ..... 2.000,00 €
- Lotaría Nadal 2014 …… 6.000,00 €
- Gastos investimentos ……. 4 .000,00 €
- Proxectos 2014 ..... 72.000,00 €
- Proxecto da 4ª fase do ILLS (44.000,00 €)
- Proxecto de Ortopedia Estelí (13.000,00 €)
- Proxectos Camerún/Togo (13.000,00 €)
- Outras actividades de sensibilización (2.000,00 €)
- Total de gastos 2014 ..... 85.000,00 €

Comentarios:

- Ao ser todas/os persoal voluntario e non ter persoal contratado, non existe gastos deste tipo, nin tampouco gastos por asistencias, nin axudas de custo e outras indemnizacións.

- A consignación para cursos ten como finalidade facilitar a asistencia das/os socias/os voluntarias/os a cursos de formación en axuda humanitaria e cooperación ao desenvolvemento.

- O crédito para gastos correntes pretende financiar os habituais de teléfono, páxina web, papelería, cotas a asociacións de cooperación (Coordinadora Galega de ONGD), correo postal, gastos bancarios, e outros materiais e prestación de servizos necesarios para o funcionamento da asociación.

- Como en anos anteriores, previa aprobación, se procede, pola Xunta Directiva, a adquisición da lotería para o Nadal 2014.

- O gasto en investimento está pensado en adquirir material informático para a oficina da asociación e adquisición de posible material de equipamento sanitario para os proxectos de asistencia sanitaria.

- O crédito dos proxectos están en relación coas actividades previstas de cooperación e axuda humanitaria a desenvolver en 2014: Proxecto da 4ª fase do ILLS en cofinanciación entre o ILLS e a Deputación Provincial da Coruña (44.000,00 €); Proxecto de Ortopedia Estelí cofinanciado con fondos propios e o Concello de Oleiros (13.000,00 €); e Proxectos Camerún/Togo cofinanciado con fondos propios e coa Xunta de Galicia (13.000,00 €). Para actividades de sensibilización ou outros posibles proxectos, con cargo a fondos propios procedentes do remanente de exercicios anteriores, consígnanse o importe de 2.000,00 €

A Asemblea Xeral aproba, por unanimidade dos asistentes, o Orzamento para o exercicio de 2014, polo importe total de 85.000,00 €."

8º.- DETERMINACIÓN DE COTAS DOS SOCIOS/AS DE SOLIDARIEDADE GALEGA

Infórmase á Asemblea Xeral sobre o actual estado das cotas dos socios/as desta ONGD, no que non existe unha cota fixa por socio, recomendándose a cantidade de 50 € como importe medio, pero ao darse de alta cada socio/a aporta a cota que considera oportuno. O pasado mes de agosto recibiuse un correo electrónico dun estudante que solicitaba aboar unha cota anual mínima de 10 €. Solicitado o parecer a todas as persoas integrantes da Xunta Directiva, contestaron que eran favorables a esta cota "reducida" e a posibilidade de que se tomara en consideración outras situacións "especiais" de cotas mínimas.
Por ilo a Xunta Directiva eleva proposta a esta Asemblea Xeral para que se admita a posibilidade dunha cota reducida por motivos concretos que afectan a posibles socios/as que por determinados motivos non poden aboar a cota normal recomendada anual (50 €).
A Asemblea Xeral acorda, por unanimidade dos asistentes, que por motivos de carácter social e de carácter económico poderá admitirse unha cota anual reducida de ata 10 € para estudantes e outros colectivos, previa valoración das circunstancias que lo motivan, facultando para ilo á Xunta Directiva.

9º.- ROGOS E PREGUNTAS (ROLDAS DE INTERVENCIÓNS)

Non se formularon.

Non existindo máis asuntos que tratar, remata a reunión da Asemblea Xeral sendo as trece horas e quince minutos, no lugar e data ao inicio indicada, elaborándose pola Secretaría a presente acta.

O presidente	O secretario
Enrique Rodríguez Álvarez	Antón Xosé González Artiaga